

ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DA ESTRADA

CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Obxecto da norma.

Constitúe o obxecto desta ordenanza a regulación da venda ambulante dentro do termo municipal da Estrada, de conformidade co previsto na Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante, e demais normativa aplicable.

Artigo 2.- Concepto de venda ambulante.

Enténdese por venda ambulante a realizada por comerciantes fora dun establecemento comercial permanente, de xeito habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións desmontábeis ou transpotábeis, incluído os camións-tenda.

Artigo 3.- Competencias municipais.

Corresponde ao Concello da Estrada, sen prexuízo das competencias doutras administracións, conceder a autorización para o exercicio da venda ambulante no seu territorio e a ordenación, execución, vixilancia e control das medidas necesarias para o desenvolvemento.

CAPÍTULO II DA VENDA AMBULANTE EN XERAL

Artigo 4.- Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación desta Ordenanza está constituído polo municipio da Estrada, especialmente o perímetro do seu casco urbano. Dentro do Concello da Estrada a venda ambulante só poderá efectuarse de acordo soas condicións e nos termos que estableza a presente Ordenanza.

Artigo 5.- Emprazamento da venda ambulante.

Con carácter xeral, só se autorizará a venda ambulante no Campo da Feira e no entorno da Praza de Abastos. No Campo da Feira levarase a cabo os mércores de cada semana, podendo trasladarse ao día anterior de ser festivo. No entorno da Praza de Abastos terá lugar os sábados, podéndose trasladar igualmente para o día anterior de ser festivo.

Tamén poderán celebrarse estas feiras na Pascua, San Martiño e os días 24 e 31 de decembro.

Con carácter excepcional permitiranse emprazamentos de venda ambulante con motivo das festas patronais, festas do Salmón e outras que se determinen.

Todos os postos serán desmontables e proporcionados polo propio vendedor. No caso de vehículo ou camión-tenda, contabilizarase a todos os efectos o espazo ocupado por todo o turismo.

CAPÍTULO III DAS AUTORIZACIÓNS MUNICIPAIS

Artigo 6.- Características das autorizacións.

1. Para a instalación dun posto de venda ambulante no municipio será preciso a obtención da correspondente autorización municipal, conforme ao procedemento que se especifica na presente ordenanza.

2. Esta autorización dará dereito soamente a un posto de venda.

3. A autorización concederase a persoas físicas ou xurídicas, e terá carácter persoal e intransferible. Non obstante, a petición do interesado, a autorización habilitará, ademais do seu titular, ao cónxuxe e aos seus ascendentes ou descendentes directos maiores de 16 anos, e as persoas vinculadas a el mediante contrato laboral. Non poderá ser cedida ou subrogada a terceiros.

4. A autorización terá inicialmente un período de vixencia de un ano natural, caducando polo tanto o 31 de decembro. Esta autorización prorrogarase por anos, bastando para elo o pagamento da taxa correspondente nos primeiros días de xaneiro. En todo caso non poderá superar os cinco anos. Transcorrido este prazo a autorización quedará automaticamente caducada, debendo o interesado proceder, de ser o caso, a formular nova solicitude.

5. A autorización para o exercicio da venda non dará dereito ao seu titular a realizar ningunha ocupación superficial, e só autoriza a estacionarse o tempo necesario para realizar as operacións ou transaccións propias da industria ou oficio obxecto da autorización.

6. O vendedor ambulante non adquirirá de xeito algún dereito sobre o posto que en principio se lle asigne, xa que este non terá o carácter de permanente. As autorizacións entenderanse concedidas con carácter provisional e a precario, xa que logo poderán ser revogadas pola Alcaldía, cando se considere conveniente, en atención á desaparición das circunstancias que a motivaron, sen que iso dea orixe a indemnización ou compensación ningunha. Igualmente a Alcaldía, previa resolución motivada, que será comunicada aos interesados, poderá dispor os terreos que veñan ocupando os postos de venda ambulante para realizar algún evento especial, sen que isto dea dereito a ningunha indemnización.

7. A asignación da localización e a determinación do espazo a ocupar corresponde a cada autorización e será competencia da Alcaldía, sen prexuízo de que poida ser delegado na Xunta de Goberno Local.

Artigo 7.- Requisitos para o exercicio da venda ambulante.

1. As solicitudes de autorización deberán formularse no modelo normalizado que se proporcionará nas oficinas municipais, ao que se achegará a seguinte documentación:

- Empresario individual: fotocopia compulsada do DNI, NIF, pasaporte o documento que o substitúa.
- Persoas xurídicas: fotocopia compulsada do CIF, da escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle fose aplicable. Se non o fose, deberá achegar escritura ou acta fundacional, nas que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritas, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.
- Poderes: cando o solicitante non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá axuntarse fotocopia compulsada do poder notarial para representar á persoa ou entidade en nome do que concorre ante a Administración, así como fotocopia do NIF do apoderado.
- Dúas fotografías actuais do solicitante tamaño carné.
- De ser o caso, nome e apelidos do cónxuxe e dos seus descendentes directos maiores de 16 anos, e das persoas vinculadas a el mediante contrato laboral, que desexa queden habilitadas para venda ambulante.
- De ser o caso, fotocopias compulsadas do DNI do cónxuxe, dos seus ascendentes ou descendentes directos maiores de 16 anos, e dos traballadores que desexa habilitar coa súa autorización e, este último caso, do/os correspondente/es contrato/os laboral/ais.
- Certificación expedida pola Xunta de Galicia acreditativa da súa inscrición no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia.
- Acreditar, se é o caso, a titulación e colexiación oficial, así como a prestación das fianzas e aquelas garantías que sexan esixidas pola lexislación vixente para a venda de determinados produtos ou prestación de determinados servizos. No suposto de non estar obrigado a acreditar os extremos antes expresados, presentarase declaración xurada na que se faga constar este pormenor.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente acreditativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas fiscais .
- Declaración de quen vai ser a persoa que exercerá a venda no posto solicitado. No suposto que este sexa un traballador dependente do solicitante, este presentará fotocopia compulsada do documento que acredite a alta daquel na Seguridade Social.
- Declaración expresa na que o petionario manifieste coñecer as normas ás que debe axustarse a súa actividade e o compromiso de observalas.
- Fotocopia compulsada do carné de manipulador de alimentos en vigor, no seu caso, se se van vender produtos alimenticios.

- Copia compulsada de póliza contratada en vigor sobre seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos que puidesen derivarse do exercicio da actividade.

- Permisos de residencia e traballo, segundo a normativa específica vixente, no caso de que o solicitante sexa estranxeiro pertencente a país non comunitario, ou tarxeta de residencia, no caso de que proceda de país comunitario.

Toda esta documentación deberá presentarse tan só a primeira vez que se solicite a autorización, pero non no caso de renovación automática dela, agás a correspondente á Seguridade Social, que terá que ser presentada todos os anos antes do 30 de xaneiro.

2. O modelo ou impreso normalizado que facilite o Concello conterá, como mínimo, os seguintes datos:

- a) Nome e apelidos, domicilio para os efectos de notificación, número do DNI, ou, de ser o caso, do pasaporte en vigor.
- b) Emprazamento onde se pretende exercer-la actividade.
- c) Mercadorías ou produtos que se pretenden vender.
- d) Tempo polo que se solicita a autorización.
- e) Indicación se a venda preténdese facer en posto desmontable ou dende vehículo.

Artigo 8.- Outorgamento, anulación, suspensión ou modificación da autorización.

1. Corresponde á Alcaldía a concesión, anulación, suspensión ou modificación das autorizacións para o exercicio da venda ambulante en Sada, de acordo coas previsións contidas nesta ordenanza e demais normativa vixente.

2. O prazo máximo para dictar resolución expresa e notificala aos interesados será de tres meses, contados a partir da presentación da solicitude ou do derradeiro documento requirido. O vencemento deste prazo sen que se notifique a resolución expresa lexitimará aos interesados para entender desestimada a súa petición por silencio administrativo.

Artigo 9.- Tarxeta ou documento acreditativo.

1. O Concello expenderá unha tarxeta ou documento acreditativo da autorización para o exercicio da venda ambulante no que constará os datos establecidos no artigo 14.1 do Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante. Na súa parte posterior este documento deberá levar un resumen dos aspectos máis importantes desta Ordenanza, como o carácter provisional e en precario da autorización e o relativo ás faltas e sancións.

2. O vendedor está obrigado a expoñer o dito documento en lugar ben visible do seu posto de venda, e a exhibilo ás autoridades ou axentes municipais ou de calquera natureza cando estas se lle pidan.

3. Os servizos municipais levarán un libro rexistro das autorizacións.

**CAPÍTULO IV
CONDICIÓN ESPECÍFICAS DA VENDA AMBULANTE**

Artigo 10.- Venda de productos perecedoiros.

PRODUCTOS AUTORIZADOS

Só se poderán expor e vender productos autorizados tales como artigos téxtiles, de artesanía, ornamento, de pequeno volume, libros, aparatos de radio, cintas de música, plantas, flores.

Queda expresamente prohibida a venda ambulante de carnes, aves e caza frescas, refrixeradas e conxelados, pescados e mariscos frescos, refrixerados e conxelados, leite, queixos frescos, requeixo, nata, manteiga, iogures e outros productos lácteos frescos, pastelería e bolería rechea ou guarnecida; pastas alimenticias frescas e recheas, anchoas, afumados e outras semiconserva, así como a aqueles productos que polas súas especiais características a e xuízo da autoridade competente conleven riscos sanitarios.

Sen embargo poderase permitir a venda dos productos anteriormente citados cando se dispoña de instalacións frigoríficas cando se dispoña de instalacións frigoríficas e estean debidamente envasados, requiríndose en todo caso un previo informe do veterinario titular.

O Concello poderá non autorizar en determinados momentos a venda de productos que puideran ser prexudiciais para a saúde pública. Igualmente estará prohibida a venda daqueles productos onde a normativa específica así o estableza.

Artigo 11.- Réxime de funcionamento.

1. Os postos deberán situarse no lugar indicado polo Concello. Baixo ningún concepto poderán ser colocados de xeito que interrompan o paso dos peóns, o acceso aos locais comerciais ou industriais, e oculten a súa entrada ou os seus escaparates ou exposicións. Así mesmo tampouco poderán situarse diante dos accesos ou fachadas dos edificios públicos.

2. O horario será dende as 9:00 ás 14:00 horas, na que se levará a cabo a retirada dos postos. Queda prohibida a instalación de postos con posterioridade ás 10:00 horas, sen que poida ser ocupado o sitio por outro vendedor. Exceptúase deste horarios as feiras anuais que teñan duración o día enteiro

3. Os vendedores, na súa actividade, deberán evitar producir molestias e incomodidades que perturbem o orde público. A tal fin, cumprirán as ordes que lles transmitan os axentes da autoridade ou persoal municipal encargado ao efecto, sobre horarios, montaxe e desmontaxe, ruidos, publicidade, distribución ou calquera outro tema que afecte ao seu desempeño.

4. Os ocupantes dos postos deberán manter estes ordenados e en perfectas condicións hixiénicas. Así mesmo deberán cumprir as instrucións que se dicten pola autoridade ou os seus axentes sobre limpeza, etc.,

debedo recoller nun recipiente os refugallos producidos durante a actividade feiral, de sorte que, unha vez esta finalice, os ditos refugallos sexan depositados nos correspondentes contedores instalados polo Concello para tal efecto, debendo quedar o espazo ocupado polo seu posto en perfectas condicións hixiénicas.

5. En ningún caso poderán exhibirse os produtos directamente enriba do chan, debendo estar n cestas ou mesas para garantir unhas condicións mínimas de hixiene e sanidade.

6. Queda prohibida a participación de menores de 16 anos nas actividades de venda ambulante.

Artigo 12.- Taxas.

Todas as taxas que dimanen da venda ambulante serán reguladas pola correspondente ordenanza fiscal.

CAPÍTULO V DA EXTINCIÓN E REVOGACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

Artigo 13.- Extinción.

1. Sen prexuízo do disposto noutros preceptos desta ordenanza, as autorizacións extinguíranse polas seguintes causas:

- a) Transcurso do tempo polo que se outorgaron.
- b) Renuncia expresa e escrita do titular.
- c) Quebra do titular declarada por resolución xudicial firme.
- d) Causas sobrevidas de interese público aínda antes da terminación do prazo polo que se outorgaron.
- e) Morte do titular, agás nos casos de habilitación previstas no artigo 6
- f) Disolución da sociedade.
- g) Subalugar ou ceder o posto a un terceiro, agás transferencia a prol do cónxuxe ou fillo maior de 18 anos.
- h) Perda dalgún dos requisitos establecidos no artigo 6
- i) Non ocuparse ou permanecer o posto pechado por espazo de 2 meses ao longo de un ano, agás causa xustificada a criterio do órgano que outorgou a autorización.
- l) Falta de pagamento das exaccións correspondentes dentro do prazo fixado na correspondente ordenanza fiscal.
- m) Falta de pagamento das sancións municipais que se imponían.

2. Agás os supostos de extinción por transcurso do prazo, que operará automaticamente, os expedientes de extinción poderán iniciarse de oficio ou a instancia de parte, correspondendo a súa resolución á Alcaldía.

3. Todo expediente de extinción se tramitará consonte ó disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, concedéndolle en todo caso audiencia ó interesado segundo ó disposto no artigo 84 da citada Norma.

Artigo 14.- Revogación.

As autorizacións quedarán sen efecto e poderán ser revogadas, ademais dos casos previstos no artigo 6, cando se incumpran as condicións en que foron outorgadas ou o disposto na presente Ordenanza e demais normativa aplicable.

**CAPÍTULO VI
RÉXIME SANCIONADOR.**

Artigo 15. Infraccións.

Constitúen infraccións unicamente as condutas tipificadas como tales neste artigo:

1. O incumprimento das normas establecidas na presente Ordenanza, así como as determinadas na normativa reguladora da defensa dos consumidores e usuarios e demais normativa de aplicación dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador. As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.

2. Serán faltas leves:

- a) As pequenas discusións.
- b) Levantar o posto antes da hora prevista, sen causa xustificada e a debida autorización municipal.
- c) Non retirar o posto dentro do horario establecido.
- d) Non expoñer en lugar visible a tarxeta de autorización municipal.
- e) Non comunicar ao Concello os cambios de domicilio.
- f) Calquera outra infracción ao disposto nesta Ordenanza que non esta cualificada como falta grave.

3. Serán faltas graves:

- a) As discusións que produzan escándalo.
- b) Non cumprir as normas de seguridade das instalacións e dos seus elementos.
- c) A falta de ornato ou limpeza das instalacións e da súa zona circundante.
- d) Non ter en sitio perfectamente visible os prezos dos artigos postos á venda.
- e) O desacato ou desobediencia ás disposicións, mandatos ou ordes do Concello por medio de calquera dos seus membros, axentes e funcionarios competentes nesta materia.
- f) As modificacións na estrutura ou na instalación dos postos, sin autorización ou incumprindo as normas dictadas ao respecto polo Concello.
- g) Causar dolosa ou negligentemente danos aos edificios, postos, instalacións ou bens de dominio público.
- h) As defraudacións na cantidade e calidade dos xéneros vendidos.
- i) Non acreditar con factura ou albará xustificativo a correspondente procedencia da mercadoría á venda para a súa comprobación e control.
- l) O peche do posto non autorizado por máis de un mes.
- m) A venda de artigos distintos aos autorizados.
- n) Non instalar o posto no lugar indicado ou asignado ao efecto.

o) A reiteración de calquera falta leve no transcurso dun ano dende a comisión da primeira.

4. Serán faltas moi graves:

- a) Os altercados con alteracións de orde público.
- b) O abandono inxustificable do posto durante un mes.
- c) O exercicio da actividade por persoa diferente da autorizada ou do seu suplente.
- d) A instalación dos postos sen autorización.
- e) O non estar inscrito no imposto de actividades económicas ou non estar ao día no pagamento das obrigas tributarias respecto da actividade que se exerza.
- f) Non estar dado de alta no réxime corresponden da Seguridade Social.
- g) A venda de produtos en estado tal que poidan causar dano para a saúde
- h) Incumprimento das disposicións sanitarias aplicábeis ás instalacións ou produtos que se venden.
- i) A reiteración de dúas faltas graves nun ano.
- l) Non estar en posesión do carné de manipulador de alimentos cando a actividade que desenvolva así o requira.

Artigo 16.- Sancións.

As sancións que se aplicarán serán, sen prexuízo do disposto no apartado 51 do artigo 14, as que seguen:

1. Por faltas leves:

- a) Apercibimento.
- b) Multas de ata 18 euros.

2. Por faltas graves:

- a) Multas de 19 euros a 30 euros.
- b) Suspensión temporal da autorización de 1 a 4 días de mercado.

3. Por faltas moi graves.

- a) Multas de 31 euros a 60 euros.
- b) Suspensión temporal da autorización de 5 a 25 días de mercado.
- c) Revogación da autorización sen dereito a indemnización, mesmo coa posibilidade de chegar a comisar a mercadoría nos casos de vendas de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

Ademais, no caso de infracción grave, poderá impoñerse a sanción de prohibición para o exercicio da actividade en todo o municipio por período de ata cinco anos. Esta sanción aplicarase acumulándoa á contemplada na letra c).

4. Todo vendedor sancionado economicamente non poderá exercer a venda en tanto non aboe a cantidade da sanción.

5. Correspóndelle ao Alcalde a imposición de multas e demais sancións.

Artigo 17. Procedemento.

Para a determinación das infraccións e a imposición de sancións previstas nesta Ordenanza será de aplicación o procedemento administrativo sancionador regulado polo Real Decreto 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora con carácter xeral; a Lei 30/92, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, e demais normas concordantes.

Artigo 18.- Retirada de mercadorías.

No caso de reiterada pretensión dalgún vendedor de exercer a actividade sen a correspondente licencia, poderá serlle retirada a mercadoría sen dereito a indemnización.

Disposición derradeira.

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez sexa publicado integramente o seu texto no BOP e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

	Acordo	Publicación
Aprobación inicial	Pleno 13.04.2004	BOP . .2004